

## DOMINGO II DE CORESMA (B)

**PRIMEIRA LECTURA** Xen 22, 1-2. 9a. 10-13. 15-18

Lectura do libro da Xénese

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán, chamándoo: - "¡Abrahán!"

El respondeu: - "Aquí estou".

Deus mandoulle: - "Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei".

Chegados ó lugar que Deus dixera, tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificá-lo seu fillo.

Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo: - "¡Abrahán! ¡Abrahán!"

El respondeu: - "Aquí estou".

O anxo dixo: - "Non póña-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negáche-lo teu fillo, o único que tes".

Abrahán ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo.

O anxo do Señor chamou a Abrahán outra vez desde o ceo: - "Xúroche por min mesmo -palabra do Señor- que por faceres isto e non me negáre-lo teu fillo, o único que tes, bendicireite e farei crece-los teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar. Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. Tódolos pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me ter ti obedecido".

**SALMO RESPONSORIAL** Sal 115, 10 e 15. 16-17. 18-19

R/. (Sal 114, 9): **Camiñarei na presenza do Señor, na terra da vida.**

Eu tiña fe mesmo cando dicía:  
"¡Que desventurado son!"  
É preciosa ós ollos do Señor  
a morte dos seus amigos.

Señor, eu son o teu servo,  
servo teu e fillo da túa serva:  
¡ti rompíche-las miñas cadeas!  
Ofrecereiche un sacrificio de loanza,  
invocando o teu nome, Señor.

Cumprirei os meus votos ó Señor,  
á vista de todo o seu pobo,  
nos adros da casa do Señor,  
no medio de ti, Xerusalén

**SEGUNDA LECTURA** Rm 8, 31b-34

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns: Se Deus está connosco, ¿quen contra nós? Aquel que non aforrou a seu propio Fillo, senón que o entregou por todos nós, ¿como non nos vai regalar todo xunto con El?

¿Quen acusará ós escolleitos de Deus?: ¿Non é Deus o perdoador? ¿Quen os vai condenar? ¿Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?

**EVANXEO** Mc 9, 2-10

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, levou Xesús consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán, e subiu con eles sós a un monte alto.

Alí transfigurouse diante deles; e os seus vestidos viraronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar.

E aparecéuselles Elías e mais Moisés, que estaban a falar con Xesús.

Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

- ¡Mestre, que bo sería ficarmos aquí! Imos facer tres tendas: Unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías

El non sabía o que dicía, de tan asustados que estaban.

E formouse unha nube que os cubriu; e dende a nube deixouse oír unha voz:

- Este é o meu Fillo benquerido; escoitádeo.

E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, senón a Xesús só onda eles.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada do que viran, ata que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos.

Eles gardaron a cousa en segredo, pero preguntábanse entre si que sería aquilo de "resucitar de entre os mortos".